

**C.P.I. DE PADRENDA-CRESPOS**

**CULTURA CLÁSICA**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**  
**CURSO 2016-2017**

**Profesor: Fernando Arenaz Búa**  
**3º E.S.O.**

## **ÍNDICE**

- 0. MARCO LEGAL DE APLICACIÓN. 3**
- 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN. 3**
- 2. AS COMPETENCIAS CLAVE. 3**
- 3. OBXECTIVOS. 4**
  - 3.1 OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA**
  - 3.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**
- 4. VINCULACIÓN ENTRE OS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, E COMPETENCIAS CLAVE. TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. 7**
  - 4.1 OBXECTIVOS / CONTIDOS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE / COMPETENCIAS CLAVE.**
  - 4.2 TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN.**
  - 4.3 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.**
- 5. METODOLOXÍA. 19**
- 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. 19**
- 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. 20**
- 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. 21**
- 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES. 22**
- 10. AVALIACIÓN INICIAL. 23**
- 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. 23**
- 12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES. 23**
- 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. 24**
- 14. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN. 24**
- 15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC. 24**
- 16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA. 25**
- 17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR. 25**
- 18. CONSTANCIA DE QUE O ALUMNADO É INFORMADO. 25**

## 0. MARCO LEGAL DE APLICACIÓN

Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.

Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato.

Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Cultura Clásica ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, socio-político e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen.

Ao mesmo tempo a través desta materia preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para os cidadáns e cidadás de Europa.

Partindo da experiencia de cursos anteriores e dadas as características do alumnado (pouco hábito de traballo e estudo, escaso hábito lector, e dificultades na comprensión lectora e expresión oral e escrita), a nosa proposta nesta materia insistirá en todas estas cuestións, especialmente na comprensión lectora e expresión oral e escrita, xa que son a base fundamental para poder desenvolver os contidos específicos desta materia. Ademais, tendo en conta que a distribución horaria e só de 2 horas semanais, será necesario simplificar os contidos.

## 2. AS COMPETENCIAS CLAVE

A materia de Cultura Clásica contribúe a fomentar as seguintes competencias clave:

**Competencia en comunicación lingüística (CCL).** As contribucións desta materia á competencia en comunicación lingüística son importantes. Por un lado a través da lectura comprensiva de textos variados, da busca e tratamento da información obtida, así como a síntese para a expresión oral e escrita. Por outro, é un instrumento inmejorable para a adquisición dun vocabulario pasivo e activo baseado nos termos que se expliquen ao longo do curso, incluídos os seus compoñentes e as regras de combinación.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).** A percepción do contorno propio como o único posible limita a capacidade do alumnado de se facer preguntas que poidan levalos a unha relación co contorno máis produtiva e gratificante. O contacto con culturas dotadas doutras inxerencias, doutros valores e doutras relixións fará que relativicen as súas propias certezas e sexan quen de analizarlas criticamente. Principalmente nestas que, en tantos aspectos xeográficos, económicos, artísticos e organizativos, seguen a estar presentes no mundo actual, servindo de nexos entre a meirande parte dos países do mundo que nos rodea. O coñecemento de como se serviron do contorno, de como aproveitaron os recursos naturais, de como os transformaron, posibilitará unha meirande facilidade para o coñecemento e a interacción co mundo físico.

**Competencia dixital (CD).** O uso crítico da rede como fonte de información, o emprego de aplicacións informáticas para a elaboración de documentos de aula, servirán para completar a achega da cultura clásica á adquisición da competencia no tratamento da información e competencia dixital.

As actividades relativas á recollida, selección e análise da información, a aplicación de técnicas de síntese, a identificación de palabras clave e a distinción entre ideas principais e secundarias achegan instrumentos básicos para a adquisición desta competencia, tan relacionada con destrezas para a continua formación persoal.

**Competencia para aprender a aprender (CAA).** O estudo dos elementos básicos das linguas grega e latina, na medida en que propicia a disposición e a habilidade para organizar a aprendizaxe, favorece as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión, exercita a recuperación de datos mediante a memorización e sitúa o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico, inciden no logro desta competencia.

**Competencias sociais e cívicas (CSC).** A estas competencias contribúen o coñecemento das institucións e o modo de vida dos gregos e romanos como referente histórico de organización social, participación dos cidadáns na vida pública e delimitación dos dereitos e deberes dos individuos e das colectividade, no ámbito e no con torno dunha Europa diversa unida en moitos aspectos pola cultura grecolatina. Paralelamente, o coñecemento das desigualdades existentes nesa sociedade favorece unha reacción crítica ante a discriminación pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, ou pola diferenza de sexos. Implícase así o alumnado nunha actitude de valoración positiva da participación cidadá, da negociación e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos. Doutra parte, se o traballo é cooperativo, impúlsase o respecto pola diferenza de criterios e pola liberdade de expresión.

Contribúe así mesmo ao **sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)** desde o momento en que se usan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados implica valorar as contribucións doutros/as compañeiros/as, aceptar posibles erros, comprender a forma de corruxos e non renderse ante un resultado inadecuado. En definitiva, aporta posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

**Conciencia e expresións culturais (CCEC).** Esta competencia foméntase mediante o coñecemento dos fundamentos da literatura clásica, da arquitectura, da escultura, da arte en xeral que debe dar un leve sustento teórico ao que é o comezo do aprecio e do goce da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia. O coñecemento dos restos arqueolóxicos do contorno debe axudar a aprender a valorar as obras do pasado e a apreciar os esforzos pola súa conservación. Cóntase, así, con referencias para facer unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspiradas na cultura e na mitoloxía grecolatinas, ou das mensaxes difundidas polos medios de comunicación que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico.

### 3. OBXECTIVOS

#### 3.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

A ensinanza secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS POR AVALIACIÓN**

### **1ª Avaliación**

1. Recoñecer nun mapa fitos xeográficos relevantes para o coñecemento da civilización grega.
2. Identificar aspectos esenciais da da historia de Grecia.
3. Identificar algúns fitos esenciais na historia de Roma: A fundación de Roma
4. Coñecer e identificar fitos fundamentais da historia de Roma: As guerras púnicas.
5. Coñecer e identificar fitos fundamentais da historia de Roma: Xulio César.

6. Coñecer e identificar fitos fundamentais da historia de Roma: Pompeia.
7. Recoñecer a presenza da civilización romana no noso país: Expansión romana. Mérida.
8. Identificar algúns fitos esenciais na historia de Roma: A caída do Imperio.
9. Coñecer a pervivenza do cristianismo desde a súa penetración no Imperio romano.
10. Coñecer o alfabeto grego e romano: Indoeuropeo. Linguas romances.

### **2ª Avaliación**

11. Coñecer as características e evolución da sociedade grega.
12. Identificar as principais formas de ocio da civilización grega.
13. Coñecer as características da evolución da sociedade romana: estrutura social e política na República e Imperio.
14. Coñecer as características da organización política de Roma: Os emperadores.
15. Coñecer a composición da familia romana e grega e os roles asignados aos seus membros.
16. Identificar as principais formas de ocio da civilización romana: Anfiteatros.
17. Coñecer as características da evolución da sociedade romana: Os escravos.
18. Identificar as principais formas de ocio da civilización romana: As termas.
19. Coñecer as características da organización social e política romana: O exército.
20. Coñecer as características da organización social, política e económica da Hispania romana: As colonias.
21. Identificar formas de relixiosidade da Antigüidade.
22. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grega e os mitos máis relevantes.
23. Recoñecer as características da relixiosidade na sociedade romana.

### **3ª Avaliación**

24. Coñecer as características fundamentais da arte grega.
25. Recoñecer obras literarias clásica e a súa e a súa evolución no tempo.
26. Describir as características e explicar a función das obras arquitectónicas romanas.
27. Coñecer as características fundamentais das vivendas romanas.
28. Identificar a presenza da civilización romana no noso país: As vías romanas

**4. VINCULACIÓN ENTRE OS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, E COMPETENCIAS CLAVE. TEMPORALIZACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.**

**4.1 OBXECTIVOS / CONTIDOS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE / COMPETENCIAS CLAVE.**

<b>CULTURA CLÁSICA. 1º ciclo de ESO, 3º curso</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
<b>Bloque 1. Xeografía</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<b>Bloque 2. Historia</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</li> <li>▪ B2.2. Marco histórico da civilización</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, póndo-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

	romana: Monarquía, República e Imperio.		os en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</li> <li>▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</li> <li>▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monar-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.3.2. Enume-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

	quía, República e Imperio.		ra, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>Bloque 3. Mitoloxía</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. O panteón grego e romano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a in-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

			<p>fluencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándolos a outros trazos culturais propios de cada época.</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Relixión grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Relixión romana: culto público e privado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<b>Bloque 4. Arte</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Fundamentos da arte clásica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas ac-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

		tuais cos seus modelos clásicos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoo a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>I</li> <li>ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Herdanza clásica no patrimonio artístico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CD</li> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> </ul>

			aproximada.	
<b>Bloque 5. Sociedade e vida cotiá</b>				
▪ a	▪ B5.1. Organización política en Grecia e en Roma.	▪ B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.	▪ CCB5.1.1. Nomear os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.	▪ CSC ▪ CCL
▪ g ▪ h ▪ ñ	▪ B5.2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais.	▪ B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	▪ CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.  ▪ CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.	▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCL  ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCL
▪ c ▪ ñ	▪ B5.3. A familia en Grecia e Roma.	▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	▪ CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.	▪ CSC ▪ CCL
▪ m	▪ B5.4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.	▪ B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	▪ CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de	▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CCL

			<p>hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Espectáculos públicos en Grecia e Roma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>Bloque 6. Lingua e literatura</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Historia da escritura. Signos e materiais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distingui-los e comprender as súas funcións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.4.2. Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.4. As linguas romances.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>

			e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. Composición e derivación culta de orixe grega e latina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.7. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.8. Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>

			<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB6.8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCA</li> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.8. Léxico grecolatino na lingua-xe científica e técnica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da lingua-xe científico-técnica e sabe usalos con propiedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>h</li> <li>ñ</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.9. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CCL</li> <li>CCA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.12. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CCL</li> </ul>
<b>Bloque 7. Pervivencia na actualidade</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>l</li> <li>n</li> <li>ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B.7.1. Civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> </ul>

			súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.2. Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.2. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.3. Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.3. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB7.3.1. Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.4. Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

## 4.2 TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN.

Seguirase a distribución do libro de texto utilizado. O libro está dividido en 7 unidades didácticas. Darase un 2 ou 3 unidades didácticas en cada avaliación e cada unha levarase a cabo aproximadamente en tres ou dúas sesións, tendo en conta que só contamos con dúas sesións semanais.

A secuenciación dos contidos será a que segue, contando coas posibles modificación que xurdan ao longo do curso:

## **1ª Avaluación**

### **1. GRECIA E ROMA. MARCO XEOGRÁFICO E HISTÓRICO**

### **2. O GREGO E O LATÍN**

## **2ª Avaluación**

### **3. A SOCIEDADE GREGA E A SOCIEDADE ROMANA**

### **4. A VIDA COTIÁ EN GRECIA E EN ROMA**

### **5. RELIXIÓN E MITO**

## **3ª Avaluación**

### **6. LITERATURA E CIENCIA**

### **7. A ARTE GREGA E A ARTE ROMANA**

#### **4.3 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.**

O alumnado, para ser avaluado positivamente, deberá polo menos ser capaz de:

- 1.- Situar nun eixe temporal os períodos en que se divide tradicionalmente a historia de Grecia e Roma.
- 2.- Localizar nun mapa as principais colonias, cidades e monumentos de época grega e romana que existen hoxe en día na Península Ibérica.
- 3.- Coñecer as palabras novas de léxico relacionado cos temas que se traten e que terá recollidas no seu glosario.
- 4.- Coñecer os lexemas de orixe grego e latino dados.
- 5.- Comentar e resumir textos sinxelos de/sobre o mundo clásico.
- 6.- Coñecer e utilizar as expresións e locucións latinas, dadas na clase, que perviviron no galego e castelán.
- 7.- Recoñecer o alfabeto grego e latino.
8. Coñecer claramente o mapa lingüístico das linguas europeas e a súa localización.
- 9.- Indicar as características e institucións principais dos sistemas de goberno de Roma, Atenas e Esparta.
- 10.- Recoñecer a pegada que deixaron na nosa cultura os costumes gregos e romanos relacionados co nacemento e a educación. Ser capaz de recoñecer os elementos máis destacados do legado dos clásicos nos diferentes campos artísticos.
11. Identificar aos deuses da mitoloxía grecorromana indicando o seu nome, atribucións e símbolos e saber os mitos máis representativos do mundo grecorromano e a súa repercusión na civilización occidental vistos na clase.
- 12.- Explicar o significado e orixe de expresións e termos que proceden da relixión grega e romana.

13.- Coñecer en imaxes o tipo e función dos edificios do mundo clásico destinados ao ocio e á diversión (anfiteatro, circo, termas, teatro) e os destinados a vivenda e goberno.

## **5. METODOLOXÍA.**

Seguirase unha metodoloxía activa que promova a participación do alumnado na clase.

Dado que o punto de partida en todo proceso de ensinanza-aprendizaxe debe ser a constatación das nocións que o alumnado ten sobre o tema a tratar, o profesor/ra fará unhas preguntas sobre o mesmo, para saber de onde temos que partir e promover a participación do alumnado.

A continuación, explicaranse de maneira clara e concisa os contidos fundamentais para facilitar a aprendizaxe por parte do alumnado. Estas explicacións irán acompañadas de esquemas no encerado, dos recursos dixitais do libro de texto, de presentacións en *PowerPoint* e vídeos, segundo proceda.

Tras as explicacións do profesor/ra os alumnos/as lerán, por quendas, en voz alta pasaxes de textos clásicos traducidos, tanto latinos como gregos, onde se traten os contidos específicos de cada unidade. Estas lecturas servirán, por un lado, para que poidan constatar que todo o explicado está presente nos documentos literarios, históricos, xeográficos, institucionais e filosóficos destas civilizacións, e por outra para comprobar o desenvolvemento da comprensión lectora.

Despois disto, realizaranse as actividades do libro e outras feitas polo profesor/ra para afianzar os coñecementos adquiridos, sempre en parellas e que serán corrixidas en voz alta cando todos as teñan rematado. Se non dese tempo a facer todas as actividades marcadas, terán que rematalas na casa.

O alumnado terá un caderno no que recollerá as explicacións que o profesor considere que debe anotar, as actividades realizadas na clase e as que se manden para casa, os exames escritos que se fagan por avaliación, sempre e cando os suspendan, e un glosario de termos novos de cada un dos temas vistos e textos lidos.

Para os traballos que deban realizar daránselle uns guións orientativos. Os traballos en grupo e a súa posta en común servirán para fomentar a cooperación e o respecto no alumnado.

### **Actividades**

Tratarase de realizar a maior cantidade de actividades propostas no libro de texto e outras aportadas pola profesora. O libro presenta actividades de reforzo e apoio, onde se traballan os conceptos fundamentais de cada unidade didáctica de diferentes maneiras, como as de repasa e xoga e recorda; actividades de profundización, dirixidas ao alumnado que pode ir máis aló do nivel medio ou para aqueles que amosan un interese especial por determinados aspectos, como as de investiga e crea.; actividades de autoevaluación, para que os/as alumnos/as verifiquen o grao de adquisición dos coñecementos fundamentais.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

- Libro de texto de Cultura Clásica "Podium" 3º ESO da Ed. Vicens Vives.
- Mapas de Grecia, Roma e de Europa
- Dicionarios de mitoloxía, de civilización romana, de galego e de castelán.
- O encerado e ordenador para a explicación dos distintos contidos.
- Vídeos e DVDs para os aspectos culturais

- Con respecto á utilización das novas tecnoloxías: utilización de páxinas en INTERNET como Palladium, Culturaclasica.com, Culturaclasica.net, Chironweb, onde aparecen moitas actividades relacionadas cos temas que daremos.

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Os instrumentos previstos para a avaliación ordinaria dos/as alumnos/as son basicamente dous: as actividades de aula e as probas.

**As actividades de aula:** Forman parte da avaliación formativa. Fan referencia aos procedementos de avaliación que son froito da observación directa do profesor/ra na aula. Utilizaranse preferentemente para avaliar actitudes e hábito de traballo, e comportamento cívico do alumno/a con respecto aos seus compañeiros/as e profesores/as, e con respecto ao material e instalacións do centro. Dentro das actividades de aula inclúense:

- **As preguntas en clase:** Teñen como finalidade determinar o grado de asimilación dos conceptos ou técnicas de traballo estudadas. Consisten en preguntas de carácter puntual e de forma oral formuladas aos alumnos sobre os aspectos máis recentemente tratados para comprobar se atenden e traballan.

- **Caderno de clase do/a alumno/a:** Incluirá as explicacións do profesor, os exercicios e actividades obrigatorios feitos na aula e na casa e ademáis un glosario de todo o vocabulario novo que vaia aparecendo. Este caderno recollerase ao final de cada unha das avaliacións nunha data previamente fixada, preferentemente o día no que se realice a última proba escrita.

- **Os traballos:** Faranse en grupo e un por cada avaliación. Serán presentados ao resto dos/as compañeiro/as unha presentación de Power Point.

- **As lecturas voluntarias** das que o profesor lles fará unas preguntas de forma oral para comprobar a súa lectura.

As actividades de aula sérvennos para introducir correccións sobre a tarefa diaria do profesor/ra e para determinar que aspectos deben ser mellorados.

**Probas escritas:** Farase unha cada dúas unidades, aínda que isto pode variar en función dos contidos e das suxestións e propostas do propio alumnado.

**As actitudes:** Criterios básicos que é necesario cumprir para acadar unha cualificación positiva. Marcaremos os que seguen:

- Compórtase correctamente e sabe “estar” na aula ou en calquera outro espazo onde se estea a impartir a materia.

- Asistencia e atención e aproveitamento do tempo de clase. É respectuoso coas persoas que o rodean na clase.

- É *tolerante* coas opinións dos demais membros da clase-grupo.

- *Ten o material* sempre disposto, limpo e coidado.

- *Participa* nas actividades e nos debates establecidos.

- *Realiza as tarefas* con seriedade, puntualidade, orde e limpeza.

- *Busca información*, se é preciso, e pon interese en utilizar as fontes que se lle facilitan.

- Realiza as *lecturas* que se lle encomendan e as tarefas relacionadas con elas.

- *Realiza e presenta* correctamente os pequenos *traballos de investigación* que lle corresponden.

- *Traballa en grupo* colaborando axeitadamente.

A avaliación cualificadora farase en base a dous criterios: un obxectivo, que será o resultado de todas as probas escritas, caderno, traballos presentados e lecturas, e outro subxectivo que será a valoración que o profesor faga do traballo, actitude, etc de cada alumno/a na clase. O primeiro mirará máis polo grao de adquisición de conceptos pola aplicación dos procedementos axeitados e o segundo polas actitudes.

En todas as avaliacións a cualificación será a media ponderada das cualificacións obtidas segundo as seguintes porcentaxes:

- **O 70% da nota**, procederá das probas, onde se valoran o grao de asimilación do aprendido das unidades didácticas. Na cualificación das mesmas valorarase o dominio dos contidos, pero tamén a correcta ortografía, expresión e presentación dos mesmos.

Poderá baixarse a nota ata un punto se se cometen faltas graves nestes apartados, dacordo co proxecto lingüístico do centro ao que o Departamento se adscribe. Non se repetirá o exame a un/unha alumno/a que falte ao mesmo o día sinalado sen unha causa debidamente acreditada mediante unha xustificación. Farase a media aritmética de todas probas realizadas, polo que un exame non realizado puntuará como cero.

Os conceptos adquiridos estarán relacionados cos puntos desenvolvidos nos criterios de avaliación e nos contidos mínimos a superar para aprobar a materia.

- **O 20 % da nota**, procederá das actividades de aula e de casa, das preguntas na clase, do caderno completo e correcta presentación, dos traballos de investigación e das lecturas realizadas.

- **O 10% da nota**, procederá das actitudes do alumnado segundo os criterios marcados nos instrumentos de avaliación. A actitude cualificarase como “suficiente”, “insuficiente” ou “boa”. A cualificación definitiva de cada avaliación obterase a partir da media das notas dos traballos, caderno e probas, e a esta engadiráselle 1 punto se a actitude é “suficiente”, e 2 se é “boa. En setembro un/unha alumno/a con nota superior a 3 será aprobado, sempre que tivese unha cualificación “boa” no apartado de actitude ao longo do curso.

A utilización probada de algún tipo de axuda non permitida expresamente (chuletas, copiar dos compañeiros/as, etc.), suporá suspender a avaliación trimestral de forma automática.

Para aprobar ao final de curso será requisito imprescindible ter aprobado todas as avaliacións, cunha cualificación maior ou igual a 5. A nota final será a media das notas obtidas en cada unha das tres avaliacións.

Na convocatoria de setembro o único instrumento avaliador será unha proba escrita na que entrarán todos os contidos dados durante o curso. Debido ao carácter da convocatoria extraordinaria, aínda que a nota sexa superior, a nota máxima da avaliación nunca superará o 5.

## **8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

Como profesor avaliarase os procesos de ensinanza-aprendizaxe e a nosa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos educativos do currículo plasmados na programación. Comprobarase principalmente:

- O grao de asimilación dos contidos.
- A necesidade de aplicación de medidas de reforzo ou de recuperación.
- O axuste da temporalización aos distintos grupos e cursos.

Esta avaliación, terá un carácter continuo e tamén incluírá referencias a aspectos tales como:

- A organización da aula.

- O aproveitamento dos recursos do centro.
- A relación entre profesor e alumnos.
- A convivencia entre alumnos.
- A adecuación das actividades complementarias e extraescolares.

## **9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

Ao alumnado avaliado negativamente nas diferentes avaliacións ao longo do curso proporánselle actividades, traballos, exames, etc. de acordo cos criterios de avaliación continua e de atención a diversidade para que poidan recuperar a materia.

Prestarase especial atención ás faltas de ortografía, léxico e redacción. Os alumnos que presenten estes fallos deberán recuperalos, pedíndolles de novo o caderno para comprobar que estes problemas foron solucionados.

Para aqueles/as alumnos/as que na cualificación final non alcancen o 5, realizarase unha proba extraordinaria en Xuño e, no caso de non superala, outra en setembro, que abarcará todos os contidos da materia dados na clase e presentará a mesma estrutura e criterios de calificación que as probas escritas realizadas durante o curso.

Aos alumnos/as que promocionen con avaliación negativa na materia recibirán do Departamento unhas preguntas dos contidos mínimos, que terán que responder e das cales se lles fará unha proba en cada avaliación. De non aprobalas haberá unha última proba en xuño. As tarefas serán corrixidas e valoradas cunha porcentaxe de un 20% da nota da avaliación. A porcentaxe restante corresponderá aos exames que se realicen en cada avaliación. As preguntas destes exames estarán baseadas todas nas actividades propostas e realizadas polo alumnado.

Se os alumnos/as con Cultura Clásica suspensa cursan Latín 4º ESO, o programa de recuperación será moito máis dinámico, podendo incluso enfocarse algunha das actividades de Latín ao repaso dalgúns aprendizaxes de Cultura Clásica.

O xefe do departamento terá unha reunión inicial cos alumnos pendentes na que lles informará de todas estas cuestións e realizará ao longo do curso un seguimento da realización das actividades de recuperación.

Para aqueles alumnos que teñan pendente a Cultura Clásica de 3º ESO convocaranse obrigatoriamente e como mínimo dúas sesións de avaliación: unha final ordinaria no mes de Maio e unha convocatoria final extraordinaria en setembro, de acordo coas datas propostas pola Xefatura de Estudos e antes das correspondentes sesións de avaliación final do curso en que estea matriculado o alumno.

Os contidos mínimos para estes exames serán os marcados nos criterios de avaliación da programación de 3º ESO, eliminando aqueles correspondentes aos contidos que non se chegaran a ver o curso pasado.

Os/as alumnos/as poderán recuperar a materia por partes. Con esta finalidade, realizaranse tres parciais cuxo calendario aproximado sería: un primeiro exame a finais de Novembro; unha segunda proba en febreiro ou Marzo e a convocatoria final en Maio.

A nota das avaliacións calcularase tendo en conta as tarefas entregadas polo alumno (suporá entre un 20 % da nota dependendo do número de tarefas asignadas en cada avaliación) A porcentaxe restante corresponderá á nota do exame ou proba obxectiva realizada polo alumnado. Se algún alumno non entregará as actividades propostas será cualificado unicamente polas notas dos exames.

## **10. AVALIACIÓN INICIAL.**

Para a avaliación inicial do alumnado utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Un pequeno cuestionario no que amose os seus coñecementos xerais sobre a materia.
- Lectura dun texto breve con cuestións que permita comprobar tanto a comprensión lectora como a expresión escrita.

## **11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Propoñémonos axustar a nosa axuda pedagóxica a cada alumno/a en concreto. Teranse moi en conta as grandes carencias de todo tipo, pero sobre todo as que teñen que ver coa capacidade para a comprensión e expresión oral e escrita ea falta de hábitos de traballo e estudo, que presentan moitos dos/as alumnos/as.

Atenderase á diversidade da seguinte maneira:

1. Utilizando un importante soporte gráfico que serve de apoio e clarificación dos contidos, a través da imaxe, os gráficos explicativos, presentacións, mapas, esquemas-resumen, etc.
2. Presentando os contidos perfectamente organizados, para que o/a alumno/a poida seguir o desenvolvemento das explicacións cunha mínima intervención do/a profesor/ora.
3. Propoñendo actividades máis sinxelas aos alumnos que teñan dificultades para progresar no grupo e outras máis complexas para os alumnos máis avanzados.
4. Preparando ,se fose necesario, adaptacións curriculares para adaptar a práctica educativa ás características concretas dos alumnos aos que se dirixan. Tales adaptacións poderán consistir na adecuación de obxectivos, eliminación ou inclusión de determinados contidos e a conseguinte modificación dos criterios de avaliación, así como a ampliación de actividades en determinadas áreas.
5. Facendo traballos en pequenos grupos sobre os temas estudados, para favorecer a cooperación e axuda entre o alumnado.

O reforzo educativo realizarase, en xeral, dentro da aula pero, se fose necesario, utilizarase algún recreo para axudar aos alumnos que teñan algunha necesidade.

## **12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES.**

Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de xuño este departamento traballará a través dos contidos de cada materia a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional como xa quedou reflectido ao falar das competencias clave, do uso das TICs, do proxecto lector, etc... noutros puntos desta programación.

A materia de *Cultura Clásica* ofrece multitude de oportunidades para abordar a educación en valores, xa que por un lado a sociedade clásica foi a creadora de principios e valores que seguimos considerando modélicos como a democracia ou a liberdade e por outro lado presenta aspectos conflictivos como a escravitude, a discriminación sexual ou ol totalitarismo de algunhas etapas que provocan o noso rexeitamento.

Este departamento, tomando como referencia os principios básicos da constitución vixente, propón traballar e incidir sobre os seguintes valores:

### **1. Valores de participación democráticos**

O respecto ás opinións dos demais, o dereito a oír e ser oído, a poder soste opinións críticas e contrarias, e o dereito a poder participar na organización e funcionamento da sociedade a través do voto, son aspectos fundamentais que se incorporan ao currículo a través da reflexión e o debate que de modo natural se suscita na aula a partir da lectura e consideración dos distintos aspectos da vida e da sociedade do mundo clásico.

## **2. Valores relativos aos dereitos fundamentais dos seres humanos**

A existencia dunha declaración dos dereitos humanos que cada ser humano, polo feito de o ser, ostenta e ten dereito a esixir, é un aspecto fundamental cando se contrastan as sociedades do mundo antigo coas modernas. De modo natural e espontáneo, ao coñecer aspectos concretos do mundo antigo, as diferencias e avances que se produciron na sociedade han ser obxecto de debate e consideración na aula.

## **3. Valores relativos á igualdade dos sexo e á violencia de xénero.**

Este departamento o considera que calquera tipo de violencia é reprobable e rexeitable. Sen embargo, a especial sensibilización que a nosa sociedade evidencia con respecto á violencia de xénero, fai que sexa necesario tratar este aspecto dun modo diferenciado. En todo momento hase insistir no principio básico de igualdade entre home e muller, en tanto que detentadores duns mesmos dereitos e obrigas, aos que se debe dar unha mesma igualdade de oportunidades que de ningún modo deben quedar mediatizadas ou limitadas polo seu sexo. A este respecto, as sociedades do mundo antigo, especialmente a sociedade ateniense, pero tamén dende un punto de vista legal a romana, deben servir para contrastar a situación de inferioridade legal e real na que estivo a muller durante moito tempo, en contraste coa situación actual, na que, aínda con excepcións e necesidade de mellora, a muller xa ocupa unha situación de igualdade, polo menos legal, na nosa sociedade.

## **4. Valores relativos á convivencia pacífica.**

Un valor fundamental das sociedades occidentais é a necesidade dunha convivencia pacífica tanto a nivel internacional como dentro dos propios estados e comunidades. A través do coñecemento dos conflitos na antigüidade (tamén as súas causas e consecuencias) os/as alumnos/as poderán considerar as orixes dos conflitos e as súas consecuencias, establecer comparacións con situacións actuais e tirar as conclusións orientadas a evitar estas situacións.

## **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Intentarase realizar ao longo do curso académico unha viaxe para a visita dalgún museo ou exposición alusiva á materia (museo de Lugo, museo de Pontevedra...) ou asistir á representación dunha obra de teatro clásico segundo a oferta de espectáculos neste período.

## **14. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.**

Recollerase no caderno do profesor todo o que se vai dando en cada unha das sesións e as distintas actividades realizadas e o grao de dificultade. Ao remate de cada trimestre o Departamento indicará por escrito no libro de actas os contidos vistos en cada materia ata esa data, expresando claramente se se corresponden co ritmo lectivo esperado. Tamén se reflectirán os resultados obtidos nas distintas avaliacións facendo unha valoración dos mesmos, de maneira que durante o curso e sobre todo ao remate do mesmo se poidan comprobar claramente os resultados e deficiencias que poidan ter xurdido.

## **15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.**

Intentarase que o alumno traballe a competencia dixital. En primeiro lugar a través da utilización de recursos en soporte informático para realizar actividades de consolidación e repaso. Ademais, os/as alumnos/as deben familiarizarse co uso e aproveitamento dos recursos

en rede que este departamento porá á súa disposición. Isto supón o coñecemento básico do uso de, polo menos, un navegador de internet, un procesador de textos, un programa para elaborar presentacións, etc. Pero ademais o uso, acceso e aproveitamento dos múltiples recursos e información accesible a través da internet supón que os/as alumnos/as deben aprender ou consolidar os procedementos para buscar información, procesala e aproveitala.

## **16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.**

Partindo do decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve o plan de convivencia, este departamento tentará garantir

- Un ambiente educativo de respecto mutuo: aproveitaranse os traballos en grupo para fomentar o desenvolvemento das habilidades de cooperación entre iguais.

- O respecto dos dereitos e liberdades fundamentais: utilizando os contidos propios da materia traballaranse as ideas de paz, igualdade e non discriminación entre as persoas independentemente de sexo, raza,...

- A resolución pacífica de conflitos e de situacións de acoso escolar empregando técnicas que promovan a empatía entre o alumnado implicado.

## **17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.**

Todos os días faranse na clase lecturas en voz alta por parte dos alumnos e comentarios escritos ou orais das mesmas. O alumnado para subir nota, poderá ler voluntariamente para cada avaliación algún dos libros sobre temas clásicos dos que dispón a biblioteca do centro:

*Cuentos y leyendas de los juegos Olímpicos*, Gilles Massardier.

*Héroes de Roma en la antigüedad*, Jean-Pierre Andrevon.

*Cuentos y leyendas de los héroes de la mitología*, Christian Grenier.

*Teucro, o arqueiro de Troia*, Fernando Lillo Redonet.

*Los trabajos de Hércules*, Anne-Catherine Vivet-Rémy. *Agamenón y la guerra de Troya*, Anne-Catherine Vivet-Rémy. *Teseo y el minotauro*, Anne-Catherine Vivet-Rémy.

*De Apolo a Zeus, la venganza de los dioses*, Anne-Catherine Vivet-Rémy...

## **18. CONSTANCIA DE QUE O ALUMNADO É INFORMADO**

A programación estará a disposición do alumnado. Os contidos mínimos esixibles de cada materia e curso exporanse no tablón de anuncios da aula e serán explicados aos alumnos para que os teñan presentes e así comprendan en todo momento o que se lles esixe para superar a materia.